

FARO DA CULTURA

nº 250 • Xoves, 29 de maio de 2008

Coordina: Xosé Ramón Pena

Ourense José Ángel Valente é unanimemente recoñecido como un dos máis grandes poetas en lingua castelá do século XX que, ademais, foi tamén un interesante -aínda que exíguo- creador no idioma de noso.

Non é de estrañar, por tanto, que unha figura de tal relevo siga a suscitar hoxe, cando imos cara aos oito anos do seu pasamento, unha atención literaria ben intensa. Tal presenza explícase tamén polo feito de que o poeta decidise ceder o seu legado para que fose custodiado e divulgado nunha fundación que a Universidade de Santiago crearía catro meses despois do seu falecemento e que se constituíu como unha Cátedra universitaria que leva o seu nome e dirixe Claudio Rodríguez Fer, un dos máximos especialistas na súa vida e obra.

Dende esta cátedra levan traballado arreo estes últimos anos a prol da difusión e estudo da obra valentiana. Froito deste labor é a aparición no 2002 dunha colección específica destinada á análise da biobibliografía do escritor, que ten publicado xa monografías de Arthur Terry e José Luis Pardo.

Pois ben, esta colección ten dado ao prelo recentemente dous títulos valiosos para o coñecemento do autor: o longo e lúcido ensaio *Valente: texto e contexto* (2007), de Antonio Gamoneda, e mais o volume colectivo *Referentes europeos en la obra de Valente* (2007), que recolle as intervencións do ciclo de conferencias homónimo que tivo lugar na Cátedra o 15 de marzo do ano pasado. Tanto a profunda e reveladora prospección de Gamoneda na súa poética coma os traballos de literatura comparada que no segundo dos libros acometen Manuel Fernández Rodríguez (que pon en relación a súa obra coa dos románticos europeos), David Conte Imbert (que o revisita á luz da filosofía heideggeriana), Jonathan Mayhew (que o conecta con Beckett), María Lopo (quen lembra a súa vinculación con Jabès) e Rosa Marta Gómez Pato (que o irmanda con Celan) confirman as posibilidades interpretativas dunha poesía verdadeiramente universal.

Paralelamente aos traballos da Cátedra, Galaxia Gutenberg-Círculo de Lectores prepara dende o 2006 a edición da súas obras completas, nas que tamén existe participación galega, pois se o primeiro volume (*Obras completas. I. Poesía y prosa*) estivo a cargo do canario Andrés Sánchez Robayna, o segundo, a piques de se publicar, reunirá a súa produción ensaística da man do lugués Rodríguez Fer nunha exhaustiva compilación que achegará moito material inédito.

Hai apenas uns días vía luz na Cátedra Valente *En el espacio de la mediación: Valente y el discurso místico*, da hispanista marroquí Fatiha Benlabbah, unha densa investigación froito da tese de doutoramento que esta estudiosa defendeu na Universidade de Rabat e que foi o primeiro dos chanzos que conduciu a que o pasado mes de outubro o Instituto Cervantes de Marrakech decidise

Actualidade Valente

Texto e contexto de poeta

ARMANDO REQUEIXO

bautizar a súa biblioteca co nome do poeta, nun acto no que participaron a súa viúva Coral Valente, Rodríguez Fer, Juan Goytisolo, Luis García Jambrina e a propia Benlabbah.

Está previsto, así mesmo, que en breve vexa lume o ensaio *Valente: el fulgor y las tinieblas* -no que participarán estudiosos de toda Europa, América e África con traballos traducidos ao castelán e orixinalmente éditos en galego, inglés e francés- e mais unha monografía de J. Goytisolo e outra do hispanista da Universidade de Dakota do Sur Jorge Machín-Lucas, quen inaugurará a nova colección "Punto Cero" da Cátedra santiaguesa.

Como se bota a ver, Valente segue máis vivo que nunca e a súa poesía imanta alá onde chega, como en Francia, onde foi recentemente traducido por Jacques Ancet na antoloxía *Fragments brisés* (2007), ou Italia, pois tamén alí se viu versionado por Miguel Ángel Cuevas en *Il fulgore* (2005). Mesmo os seus poemas galegos, baixo o título de *Alén* (2007), foron editados hai tan só uns meses en París, traducidos ao castelán por César Antonio Molina.

Unha última recomendación: se poden, non deixen de facerse co documental *El lugar del poeta*, de David del Águila, unha suxestiva aproximación á biografía de Valente que contou coa colaboración de grandes especialistas na súa figura e que, con certeza, ha resultar unha grata fiestra dende a que asomarse á obra deste sempre inmenso poeta.



* LENNY KRAVITZ: A IMPRESCINDÍBEL BANDA SONORA / Páx. III

* EXPOSICIÓN: A OBRA ÚLTIMA DE ÁNSEL HUETE EN COMPOSTELA / Páx. VI

* "TURANDOT": EN DEFENSA DA COMMEDIA DELL'ARTE / Páx. VIII

A liberdade coa que se moven os artistas no mundo contemporáneo lévaos a facer unha maior parte das súas producións baixo os ditados do seu criterio persoal. A figura do artista libre e director das súas decisións creativas, evadido de todo comitente, non existiu sempre tal e como a entendemos hoxe. De feito, sínálase decote con fascinación como a autonomía de Rubens chegou a facer del un influente membro da corte e sobresaliente home de fortuna. Tamén se recorda como singularidade que Turner vendía as propias paisaxes chuviosas e velozes na súa propia tenda-estudio no Strand londinense. Picasso é, sen dúbida, quen inventou a idea de “artista estrela, rico e libérrimo” no século XX. As súas casas, as súas

Da liberdade creativa

ROMÁN PADÍN OTERO



“Antonio Piña”, de Ramón Conde (á esquerda). “Labores” de Santi Jiménez (á dereita).

producións e a certa indiferenza con que trataba os encargos públicos ou privados, chegando mesmo a ter clientes facendo cola durante días no seu estudo parisiño para lle mercar unha obra, fan del un referente do artista sen ataduras mercantís ou laborais.

Esa evolución da relación do artista co patrón, esa liberdade que permite que o artista sexa un igual respecto do señor, e non un empregado, produce ostensibles beneficios no rol social do artista, mais crea tamén certas necesidades de procura do financiamento da produción das obras de arte polos propios creadores.

Calquera que teña visto o film sobre a vida de Camille Claudel, recordará como Rodin, o escultor, aparece máis como un empresario director dunha gran fundición cunha apertada axenda que como un bohemio creador rodeado de arte pola arte.

As grandes obras do pasado son encargos que poñían en relación o talento do creador co financiamento do patrón: se cadra, ambas partes cedían para colmar un monumental proxecto. O castelo de Vaux le Vicomte en Francia foi un encargo a Le Brun, Le Nôtre e La Vau do ministro de Luís XIV, Fouquet. A ópera Garnier foino, á súa vez, do ministro Haussman —na xeira de Napoleón III— a Garnier... Agora, na época da transmodernidade, cando o mundo é máis autónomo que nunca, cando calquera vestixio do Ancien Régime esvaeceu, a figura do intrépido artista independente estaría máis en voga que nunca. Hoxe, os creadores como Anish Kapoor, que fai enormes pezas de fundición, ou Mathew Barney, quen realiza complexas montaxes cinematográficas, aparecen como libérrimos representantes dun sistema de arte necesitado, non obstante, de grandes sumas de cartos para a produción. As obras destes dous emblemáticos creadores son así de sublimes porque teñen grandes financiamentos por detrás; do contrario, non pasarían xamais de conformar xeniais proxectos visionarios.

Que é o que fan os outros artistas que non se contan entre os mestres da orquestra sinfónica do primeiro teatro do mundo para realizar as súas obras? Acontece que ou xa colaboran con clientes priva-



“Paredes”, de Carlos Maciá. / FOTOS: R.P.O.

Artistas e Patróns



Varias alentadoras relacións de artistas co mercado están cerca de nós. Un artista galego de longa presenza no medio é o escultor Ramón Conde. Este xenial creador vén realizando dende hai máis de trinta anos de carreira encargos para clientela privada. En moitos concellos tamén teñen unha das súas hercúleas academias masculinas. Recentemente fixo un retrato monumental de Don Antonio Piña, un coñecido empresario ourensán.

Carlos Maciá, da súa parte, ten realizado paredes grafitadas para as residencias de coñecidos empresarios de Murcia. Santi Jiménez, Pablo San-

martín, Ignacio Goitia fan encargos e sitúan obra no mercado co seu estilo independente sen ter que depender ao 100% das tendencias institucionais. Pois a cousa pública, ás veces, non toma en serio os creadores independentes.

A casa francesa Hermès

Exemplo Hermès

apoiá ás artes. A súa directora artística Pascale Mussard explica como buscan inspirar os valores intanxibles da empresa os traballos dos artistas cos que traballan. Esencias dun estilo como son a arte da viaxe, a beleza táctil, o nomadismo, a

arte ecuestre, serven de evocación aos creadores que traballan co financiamento de Hermès en total liberdade. Recentemente, o proxecto HBOX visitou España. No MUSAC leonés expúxose esta arquitectura itinerante deseñada por Didier Faustino. Unha especie de nave espacial ou gran bolso Kelly dentro do cal se exhibe unha mostra de vídeos comisariada por Benjamin Weil e que conta con obras, entre outros, de Alice Anderson, Yael Bartana, Sebastián Díaz Morales e Dora García. Os artistas colaboran pois, cos “talentos” dos patróns; sen estes non hai execución de obra.

dos para crear grandes obras ou ben teñen o apoio de institucións públicas por medio de concursos e encargos. No primeiro dos casos, obteñen un prezo, mais en moitas exposicións os artistas no ingresan mais que as dietas de realización e na mellor perspectiva obteñen a produción da obra que logo deben poñer no mercado. Neste complexo mundo de “fantasía expositiva”, de que vivirán os creadores que non son estrelas de primeira liña? Pois de converterse en mestres, os máis afortunados, e sobre todo de aceptar a relación coa clientela: coíndoa sen perder a liberdade creativa. Buscar encargos específicos é un futuro intelixente.

Un artista como Takashi Murakami realiza preciosas aplicacións das súas carifias manga sen perder nada de frescura para decorar os bolsos de Louis Vuitton, un cliente que pide unhas precisas cuestións de artes aplicadas. Os arquitectos Saana realizan encargos como o New Museum de Nova York contratados pola administración americana, levando adiante os seus soños constructivos mais cumplimentando as necesidades do comitente. En ambos os casos os artistas non perden liberdade e poden facer reais os seus soños.

MÚSICA

Hoxe, xoves 29 de maio, chega a Vigo Leonard Albert Kravitz. 44 anos, cumpridos o pasado luns. Malia a ascendencia europea, -ten devanceiros en Ucraína- o sentimento é cento por cento afroamericano: algo ao que quizais axuden episodios como o que viviu en Miami cando foi detido pola súa semellanza cun ladrón. Chega a Vigo, pois, Lenny Kravitz, unha estrela do rock.

E de certo que os fans da súa música devecen por ollar ao vivo unha das figuras senlleiras, -quizais

Love Rule, e no período que vai até a súa compilación de grandes éxitos, publicada no ano 2000, Kravitz creou, -verba atinada para un músico que adoita escribir, cantar e tocalo practicamente todo nos seus traballos-, cinco discos de estudo que o colocaron na

cimeira do rock mundial. O seu estilo, -nin suficientemente branco nin preto dabondo, dicíanlle nas compañías na súa peregrinaxe na procura dun contrato-, fixou o canon do rock de masas, coa elaboración dun produto moi vendíbel para a industria, aplaudido en

xeral pola crítica e fortemente atraente para o gran público, aborrecido de proxectos insulsos. Coas pingas precisas de irreverencia, explotando o seu atractivo sexual e argallando polémicas en cada novo video, -que coa distancia semellan máis argalladas ca polémicas-

cas-, o Kravitz inseriu o seu nome no ceo dos grandes, e como proba diso están os 4 Grammys consecutivos como mellor cantante rock masculino ou a súa aparición nun capítulo dos Simpsons como mestre do Rock'n'roll Fantasy Camp acarón de Mick Jagger, Elvis Costello ou Tom Petty; aínda que non o pareza, dous recoñecementos que posúen similar importancia.

Os que hoxe asistan ao IFEVI para gozar ao vivo coa música do neoiroquino, para alén da grande

A imprescindíbel banda sonora

DANIEL LAVESEDO



Lenny Kravitz, durante unha recente actuación. / FOTO: ANDRES GARCIA

a máis importante-, do rock americano na década dos noventa. "Are you gonna go my way", "Rock and roll is dead", "American Woman" ou "Fly away" forman parte imprescindíbel da banda sonora desa década, -tamén a industria discográfica non deixou daquela que fose doutro xeito-, e o seu rock descarnado, debedor da música dos sesenta e setenta: Led Zeppelin, The New York Dolls ou Jimi Hendrix, é hoxe unha referencia para as novas bandas que van chegando á escena rock mundial. De feito, é probábel que non puidese ser doutra maneira. O fillo dun produtor musical e televisivo e dunha coñecida actriz ao que lle chegou a cantar o "Happy Birthday" Duke Ellington de cativoño, axiña tentou abrirse camiño no mundo da música. Autoalcumouse Romeo Blue e deambulou polo pop e o funk, fortemente influenciado pola música de Prince, sen obter moito éxito. Despois de casar coa coñecida, na altura, actriz Lisa Bonet, de abandonar o pseudónimo, de asinar contrato cunha multinacional e de mudar totalmente o seu estilo cara ao rock, as cousas cambiaron. Segundo ten dito o propio artista, en aceptándose tal e como era, a música comezou a lle nacer con naturalidade.

Debutou en 1989 co disco *Let*

Revolución Kravitz



Vai xa para dez anos que naceu na cidade de Liverpool o festival de música electrónica Creamfields, e dende a súa segunda edición este festival decidiu exportar o seu concepto ao mundo enteiro, creándose deste xeito festivais en Arxentina, Grecia, Polonia, Turquía, Australia ou Xapón, converténdose hoxe en día no máis importante evento mundial da música electrónica, con preto de 3 millóns de persoas nas diferentes convocatorias artelladas arredor do mundo no último ano. E neste 2008, Creamfields chega a Vigo, coa creación do *Creamfields Vigo*, segundo festival Cream na península, despois

do exitoso *Creamfields Andalucía* que leva catro anos a celebrar nas praias de Almería cunha asistencia que anda arredor das 40 000 persoas por edición. Vai ser o 2 e 3 de agosto, no IFEVI, coa presenza xa confirmada de varios dos máis importantes artistas da escena

Creamfields

techno mundial: os británicos The Chemical Brothers, os máis coñecidos fóra da escena techno, pais da electrónica de masas, o berlinés de adopción Alexander Kowalski, cinco discos xa publicados, o veterán Derrick May, un dos piares do

techno de Detroit, a holandesa Dj Isis, fundadora da axencia de DJs Magma e do selo All is One, o atrevido James Holden ou Vitalic, francés polo que pelexan os grandes como Moby ou Børk para que faga un remix dos seus temas van pasar por algún dos dous escenarios, un cuberto e outro ao aire libre que se van montar para a ocasión. Imprescindíbel para os milleiros de seareiros do techno do país e porta de entrada inmejorable para quen queira coñecer como é que se fai a nova música do século XXI, *Creamfields Vigo* nace coa intención de se converter na referencia do techno no norte peninsular.

estrela dos noventa van atopar o músico máis maduro, o Kravitz do século XXI, que vén presentar o seu terceiro traballo da década, *It is time for love revolution*, (EMI, 2008), onde as baladas e o piano collen máis peso, onde a temática social e as letras máis reflexivas teñen espazo, -xa acontecera en *Baptism*, (EMI, 2004), coa curiosa "Where are we runnin"-, agora que o seu status, o éxito arreo que o levou a vender máis de 30 millóns de copias en todo o mundo, lle permite incluso dicir que a industria discográfica non valora a arte, só quere facer cartos. Descubriu a pólvora o Kravitz, é evidente, mais é certo que, aínda que ben estraño, tamén ten un discurso co que acompañar a súa música: agora que non vai cumprir de volta os corenta descubriu que hai algo máis nas mulleres que un corpo e dende o seu proclamado celibato convidanos á revolución do amor, a cambiarmos o mundo, a rematarmos coas guerras dende a disciplina revolucionaria que esixe que sexa o amor quen governe as nosas vidas. E nesta liña crítica tamén a invasión ianqui en Irak. Os tempos mudan, cantou hai anos outro dos visitantes ilustres deste verán en Vigo. Certo é, e fano de vez.

A forza da intriga

Como atinxir o clímax

HÉITOR MERA

Despois das incursións de Xosé Miranda nos contos de terror, na investigación de seres mitolóxicos e na publicación do seu libro de relatos *As mans do medo*, saca á luz este *Vestio* que, se cadra ten algo de todos estes traballos precedentes, pero cunhas características que non aparecen nos seus predecesores. É a primeira novela curta que Miranda publica no subxénero do terror.

En *Vestio* atopamos esoterismo, filosofía, relixión, misterio e vellas crenzas populares verquidas nunha historia terrorífica que conforman un artellamento que á par, desde o noso eido cultural, preséntase con verosimellanza. É unha historia de terror anosada. Non fan falta elementos típicos procedentes da literatura tradicional e universal que deu o xénero. Miranda converte parte



da nosa tradición máis ancestral, cun forte toque de imaxinación, nunha historia de terror que non cae no ridículo tan perigosamente como neste tipo de literatura, e non obstante, envolvente para un lector gustoso de engancharse en obras deste tipo.

A escusa é a aparición dun cadáver desfeito en estrañas circunstancias ao carón do cal aparece un caderno co relato dos acontecementos que o levaron a ese desenlace. A doutora le e comeza a explicarse os acontecementos tan desconcertantes da vila onde exerce, Viana das Veigas. O comportamento dos seus habitantes, os estraños costumes e mesmo as inexplicables situacións que se dan, leva-

ron a Douglas Campbell, antropólogo falecido e autor do caderno, a pescudar sobre os habitantes dese pobo aos cales lles atribuíu certos comportamentos propios dunha seita priscilianista.

O recurso do caderno atopado para desenvolver a acción da historia é axeitada e propicia para artellar un ambiente tenebroso que engancha ao lector que non parará ata ler de corrido as case cen páxinas da obra. Presenta os feitos e datos engorde, enganduxados, con varios puntos de vista, ben elixidos para cada unha das situacións, de maneira que o desenlace da historia é esperado con ansia, con gañas de sabermos que é o que acontece con respecto aos sucesos anormais da afastada e inhóspita vila.

Xosé Miranda domina con mestría as técnicas do relato ou novela curta de medo. Sabe que é o que precisa en cada momento a historia para acadar un nivel de intriga necesario conseguindo que o clímax narrativo chegue a cotas importantes de interese.

MIRANDA, Xosé, *Vestio*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 96 páxinas.

Óptica emotiva

Coa Terra no corazón

ROMÁN RAÑA

Acabaron os fastos que conmemoraron o 17 de maio dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez e temos que ocuparnos dunha obra que prolonga esta celebración. Trátase de *Tempo do pai*, volume escrito polo seu fillo e poeta Xosé M^a Álvarez Cáccamo e que publica Galaxia. Con anterioridade, xa coñecíamos a faceta memorialística de X.M^a Álvarez Cáccamo mediante o seu magnífico *Memoria de poeta* (2006), que agora concentra e aumenta, como unha lupa sentimental, a figura do seu pai enfocada ao pormenor e, sempre, desde unha óptica emotiva e poeticamente vitalista. A presente entrega non vén configurar unha biografía ao uso (no mercado figuran varias que cumpren moi axeitadamente esta condición), mais si constitúe unha mangado de minuciosas evocacións que poñen ante os ollos dos lectores a dimensión humana e intelectual do homenaxeado.

Tempo do pai divídese en seis apartados. En "As mans de pergamiño", vaise deliñando dun modo absolutamente íntimo e conmovedor a silueta paterna, onde o perfil das mans aqueixadas dunha enfermidade cutánea, gostan de establecer un diálogo amoroso co mundo, coa feitura dos libros, co pasado prehistórico en forma de utensilios. En "Alba insomn", revélanos o problema do pai coa angustiada ausencia do sono. Horas dun tempo que non pasa e, tamén, da repetida tortura que supón lembrar o asasinato, por fusilamento fascista, do seu pai, Darío Álvarez Limeses. En "A vida contada", amósase outra calidade paterna: o seu gosto pola conversa, que lle salvou a vida nos tráxi-

Patria e Memoria

Retallos de Díaz Pardo

DORINDA CASTRO SOLIÑO

Editorial Ir Indo, dentro da colección "Gallegos na Historia", vén de sumar un novo título que de seguro, será recibido con ledicia por todas aquelas persoas interesadas na historia e cultura deste país no último século. Trátase da biografía dedicada a Isaac Díaz Pardo que ten como acaído subtítulo "a patria enteira na memoria" e cuxa autoría é de Xosé Ramón Fandiño Veiga autor que nos ten ofrecido xa importantes traballos sobre vida e obra de literatos, artistas e intelectuais do país.

En a penas 64 páxinas, X. Ramón Fandiño realiza un percorrido pola intensa biografía de D. Isaac, desde o seu nacemento e infancia en Santiago de Compostela onde o seu pai, Camilo Díaz Baliño, instalou un taller artístico que foi tamén biblioteca, museo e lugar de encontro de artistas e intelectuais galeguistas cos que el labrou amizade. Así, desde esas palabras que lle dedicou Castelao encargándolle compondre e rotular uns debuxos para a campaña do estatuto: "Isaño, fainos ti", o mozo non cesou



no seu traballo de debuxante, cartelista, escritor e pintor, arte que abandonou cando Franco o invitou a pintar o "Valle de los Caídos" ao que el se negou dicindo que prefería cortar unha man antes que colaborar co Réxime, un réxime que, encarcelara e asasinara ao seu pai, membros da súa familia e amigos e que a el mesmo lle trunco mil soños.

Por volta de 1950 vai comezar D. Isaac coa actividade que fará del un dos máis importantes empresarios da nosa historia: a creación da Fábrica de Cerámicas do Castro cunha liña de produción que trataba de volcar a arte en produtos de consumo popular. Posteriormente en Arxentina crea a Fábrica de Porcelanas Magdalena da que estivo ao fronte ata 1968 consolidando e perfeccionando os seus coñecemen-

tos técnicos e encontrándose coa Galicia do exilio e, sobre todo con Luís Seoane co que creará o Laboratorio de Formas de Galicia, vivieiro de ideas, creador de Edicións do Castro e que constituiu o a sociedade Sargadelos en 1964. O incesante labor como empresario e creador de Díaz Pardo non cesará entón como promotor de industrias e institucións culturais.

O volume que nos ofrece X. Ramón Fandiño remata cunha ampla cronoloxía, un apartado dedicado aos premios e distincións como recoñecemento ao seu infatigable labor e outro titulado "Rebelión sen causa" no que analiza o triste episodio acontecido en 2006 no que D. Isaac foi apartado da presidencia das Fábricas de Cerámica do Castro e de Sargadelos polos accionistas "porque o mercantilismo voraz e soez intenta destruír os soños".

Sirva este volume tamén como recoñecemento e homenaxe a quen leva "a patria enteira na memoria" e para que a patria o saiba.

FANDIÑO VEIGA, Xosé Ramón, *Isaac Díaz Pardo. A patria enteira na memoria*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2008, 64 páxinas.



cos momentos da Guerra Civil.

En "Don da amizade", desfilan ante o lector personalidades como Otero Pedraio, Celso Emilio, Ferrín, Darío Xohán Cabana, Paco del Riego e un longo etcétera onde comparecen outros membros familiares. En "Bibliofilia radical", recolle a paixón principal do de Tui: os libros. Repasa o seu inxente labor como editor e divulgador da lírica medieval, dos seus traballos arqueolóxicos, da vida da súa cidade. En "A terra no centro", desvela as súas preferencias políticas, galeguista e cristián, progresista e radicalmente antifascista.

A prosa de Cáccamo, radiante e exacta, fai revivir a realidade humana do seu pai e, en cada liña, en cada letra impresa, percibimos o infindo amor do fillo.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María, *Tempo do pai*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 188 páxinas.

LIBROS

Fin dunha xeira

Bieito Iglesias, cazador de efémeras actualidades, tradutor de longa traxectoria e, sobre todo, novelista, quizais serodio pero orgulloso da súa quinta – a “xeración do Seiscentos” nas súas propias verbas –, regresa á actualidade literaria coa novela *Pan e coitelo*, logo de catro anos desde aqueles relatos da súa última entrega, *Amor e música lixeira*. Bieito Iglesias, reiterámo-lo, é un dos máis interesantes “prosadores ficcionistas” do noso sistema literario. O escritor ourensán, desde a súa primeira proposta narrativa (*Aventura en Nassau*, 1991) deica a actual entrega, compatibiliza o relato curto e a novela de non demasiada extensión (nouvelle), e sobre todo mantén a marca da casa: a creación

Con brocha expresionista

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

paifocos da Galicia profunda, folclórica, clientelar e cavernícola, así coma o perfil humano dalgunha das alaias que conforman a flora e a fauna deste pais nos últimos anos. Nesta baixada a Galicia esperpéntica intenta o escritor retratar o “aire” que se respiraba no longo período do fraguismo, nomeadamente nos seus días terminais.

No fondal do seu retablo aparece en efecto a paisaxe de Galleira (Galicia en barallete) baixo o temón dun Presidente alcumado o Vello, Vellote ou Prohome, con

tico dos retiros monásticos dos Conselleiros, impostos polo Presidente en datas próximas á Semana Santa, a descrición irónico – carnavalesca dun Consello da Xunta, presidido por un Presidente que non ten prezo, que é de ouro moído, rodeado de Conselleiros do sector leira (non precisamente labregos) e outros da facción peralta. E sobre todo, as rapañotas – nos contratos dalgunha consellería vaíse a serrucho – e as colleitas amoratorias do personaxe central destas estampas, o Conselleiro Carrodegas.

Pero *Pan e coitelo* achéganos ademais unha historia detectivesca con crime perfecto, as manobras e manexos dun construtor local, paradigma do clientelismo, un verdadeiro

UN RETRATO, EN CLAVE SARDÓNICA E ESPERPÉNTICA, DA GALICIA DOS ÚLTIMOS TEMPOS

brutamontes, experto na práctica de orquiotomías sen anestesia. É unha mancha de anécdotas que enchen os baleiros desta grande pintura costumista das contornas humanas da Galicia dos nosos días. En calquera caso constatamos que a ficción non supera a realidade.

Verbo dos aspectos formais de *Pan e coitelo* cómpre dicir que B. Iglesias non se afasta das estruturas fragmentarias e desintegradas que caracterizan a súa anterior produción. Pequenas pinturas, unha mancha de estampas pero cosidas polos fíos dunha trama, coa única péga de que o relato detectivesco vese detido con frecuencia por esas secuencias sen outro interese que o de amosar unha realidade esperpéntica. E logo a linguaxe. Esa lingua tan peculiar de Bieito Iglesias, un verdadeiro idiolecto, feito de palabras aprendidas ou vividas na súa infancia, de neoloxismos de colleita propia, de castelanismos metidos a mantenta. Unha lingua viva e forte pero que corre o risco de non ser entendida por moitos dos seus lectores.

IGLESIAS, Bieito, *Pan e coitelo*, Ed. Galaxia, Vigo 2008, 140 páxinas.

Procura estética

Sensualidades ambientais

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

dos Médicis.

A historia principal entrelázase con outros relatos secundarios, introducidos a modo de narracións internas, ben como representacións de teatro – a farsa dos monicreques – ou como peripecias propias doutros personaxes – o conto das princesiñas turcas, a viaxe do mensaxeiro –; a obsesiva empresa do viro, ademais, dá pé para presentar varios retratos femininos – como outros tantos camafeos alegóricos de corrupción e pureza, morte e resurrección, be-

ces carecen de profundidade e que a tensión dramática resulta bastante irregular. Semella, en conxunto, unha armazón simple tapiada de diversos retazos, cun carácter máis decorativo que esencial; mais ese labor de patchwork está realizado con tan ricos elementos que a embriagadora pedrería de símbolos, combinada coas sutís imaxes, provoca unha deliciosa confusión dos sentidos pola que, simplemente, dá gusto deixarse levar. Cores, sons, aromas e texturas realzan, con fina ourivesaría, un ambiente sensual e poético, onde, a modo de hipnóticos destellos, brillan os acertos: voz que é “choiva de abelorios a esvarar entre vidros”, “arrecendo de cristais e campás”, “palabras líquidas”, “diamantes destilados”, “recantos do aire”, “bagoas de luz”, “lanzas que alumeaban coa luz

A finais do Quattrocento, Pietro Puliani, vidreiro e alquimista veneciano, iniciado nos misterios do Tres Veces Grande, é chamado a Florencia para salvar da morte á máis bela entre as belas: Simonetta Cattanei, a musa de Occidente, a deusa do amor que Botticelli pintaría nacida das ondas. Pietro Puliani leva unha eternidade á procura dunha muller que teña o fulgor dunha perla no seu corpo de nácar, nas súas veas escrito o código da inmortalidade; e búscala para preservala sempre diáfana, como recén creada, a salvo dos estragos e ataduras do tempo, na perfección harmónica da materia incorrupta co espírito inmortal.

A novela – máis estética que intensa – mestura o histórico co fantástico nese evocador ambiente de ocultismo e esplendores renacentistas, e na figura de Puliani revive o vello afán do ser humano por traspasar a súa medida efémera, un tema que aparece tamén aquí asociado á fantasía erótica da boneca viva, a compañeira do monstro, esa femia perfecta que só un home sería capaz de construír e que se converte nunha sublimación da propia obra dos deuses, quen pareceron esquecer que unha alma imperecedeira

TEXTO PROVOCA UNHA DELICIOSA CONFUSIÓN DOS SENTIDOS POLA QUE DÁ GUSTO DEIXARSE LEVAR

non merece habitar nun corpo ameazado pola decrepitude. Artífice e artista, Puliani comparte as características do esteta radical e do científico sen tabús nin remorsos, mesmo “deshumanizado” no seu afán de perfección; conforme ás crenzas da época, as súas motivacións revístense de ideais neoplatónicos, mentres que a súa condición de afamado ocultista concorda co auxe histórico das doutrinas herméticas, principalmente na corte

leza e trascendencia non exenta de sensualidade-, que abranguen dende as meniñas impúberes entregadas ao Dogo disfrazadas de serea ata a prostituta máis abxecta de todos os bordes da Serenísima. En concreto, a muller que acaba flotando entre “peixes cantores no bosque somerxido” podería ocupar un lugar de honor entre as máis máis fermosas mortas literarias.

Se cadra pola súa condición inicial de relato breve, dilatado ata acadar extensión de novela, poderíase aducir que os persona-

dos fogos fatuos cando as beixaba a lúa”, o inigualable medallón de lapislázuli no que Puliani lograra “cristalizar o arrecendo de sete primaveras xunto co asubiar dun merlo”... Se se permite o similar, diría que esta novela conta, sobre todo, cunha dirección artística excepcional.

SUÁREZ, Chelo, *A venus de cristal*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 142 páxinas.



dunha literatura en puridade, cun elevado grao de complexidade, pero tamén de riqueza temática e lingüística, que retrata a realidade con brocha expresionista, con pinceladas próximas ao esperpento. Cada unha das súas obras convértese así nun retablo carnavalesco, mais moi ben asentado na realidade deste país nos días de hoxano.

Con *Pan e coitelo* non racha o escritor da Chabasqueira coa coherencia da súa escrita precedente, en especial con aquela literatura que intenta retratar en clave sardónica e esperpéntica a Galicia actual, os europeos e os desaguisados

Conselleiros con trazas de malandros, entre os que salienta o de Cultura, un tal Carrodegas, verdadeiro mandarinete de Galleira, que conxenia co presidente como dúas tellas – “Fomos como pan e coitelo, un ao lado do outro”. A crónica política deste fraguismo terminal roza na pluma de Bieito Iglesias a caricatura valle-inclanesca, mais sen se afastar da realidade. Así, entre as secuencias da novela, o lector atopará o relato humorís-

Na Galería Trinta de Santiago de Compostela e até o 9 de xuño, presenta Ánxel Huete (Ourense, 1944) a súa nova mostra so o título de *Causa subxace*.

O título escollido polo artista é xa toda unha declaración de principios no que respecta á súa visión da arte, porque na obra latexa no fondo unha aposta por unha pintura antiicónica, na que o xogo de tapar, o efecto de cortina que anula a imaxe, está presente como catalizador, como causa profunda que xustifica e dota de sentido a toda a serie de obras que nos ofrece o artista. Tapar a imaxe é un xeito de evidenciar o exceso de iconas que satura o mundo que nos rodea e tamén é unha maneira de posibilitar unha reflexión sobre o sentido da linguaxe e da comunicación, estamos, xa que logo, perante unha actitude oposta de vez a calquera banalización da comunicación e da actividade artística que entende a arte como modo de pensamento e "invención de posibilidades de vida" (Nietzsche). Situámonos, pois, na práctica artística como territorio privilexiado da individualización mais tamén como ámbito da súa manifestación no colectivo, ámbito aberto no que acaba de ter plena virtualidade o obxecto artístico. É importante termos en conta este último aspecto porque Ánxel Huete concibe a arte como un vehículo da idea, no que o espectador activo ten un papel sobranceiro, entendendo que a obra remata no espectador.

Neste sentido, a virtude da obra do pintor ourensán radica fundamentalmente no proceso teórico e práctico que a fai posible e imposible ao tempo: unha plástica que se configura como procura e que ao tempo se fai mentres se procura, mais que deliberadamente nunca ten un punto final absoluto, porque non aspira a unha inxenua plenitude. Non estamos, xa que logo, perante pinturas, en sentido convencional, senón perante un discurso plástico do que posuímos algúns anacos. Anacos que conteñen cada un deles a totalidade dos demais por medio dunha estrutura profunda que os liga, esa "causa que subxace" á que moi atinadamente alude o título da exposición, que borra a icona, tapándoa, agudizando o sentido fragmentario da percepción, adquirindo unha relevancia fundamental o que poderíamos chamar lagoas de indeterminación, que na súa pintura toman forma na matizada distribución da cor, procedendo a situar unha cor sobre a outra, en lene camadas, e elaborando uns diálogos cromáticos nos que o azul, por exemplo, funciona como violáceo por efecto do seu contacto co amarelo, xogos formais absolutamente decisivos para o sentido das composicións.

O artista continúa, deste xeito, a mudanza desenvolvida na súa obra dos últimos anos, que o leva a un intenso rigorismo formal e conceptual que se quere si-



Do rigor na pintura

A obra última de Ánxel Huete

CARLOS L. BERNÁRDEZ

tuar nun equilibrio entre o conceptual e o plástico, articulando un discurso de redución de recursos, de esencialización, que

dalgún xeito propende cara a un hipotético grao cero da pintura. De todos os xeitos, cómpre lembrar neste sentido que o seu pun-

to de partida é fundamentalmente pictórico e a pintura segue a ser o alicerce que asenta todo o seu discurso plástico.



Se cadra, esta é unha das claves do traballo de Ánxel Huete, ese carácter reflexivo,

ao tempo aberto e concentrado, que desde o pormenor e a pincelada nos leva á problemática espacial e á sutil sensación lumínica, e desde esta novamente ao punto inicial, nunha

Equilibrios

espiral envolvente. Porque, a final, o que nos propón o artista no conxunto das súas obras son distintas maneiras de ollar, mesmo no sentido máis literal,

ollar desde distintas distancias e puntos de vista, sempre presidida esta mirada por un equilibrio conceptual e plástico que articula o discurso. Un tema tan vello, produto dun debate case académico, mais que na súa proposta se torna plenamente actuante e pertinente.

As súas creacións producen un efecto envolvente que crea un espazo que é definido pola propia pintura. A súa pintura é sobre todo unha espacialidade expansiva e cromática, pero moi controlada, que parte dun sutil traballo mental que non admite correccións e que se converte nun ambiente e procura espontaneamente a arquitectura mergullando a espectador no seu mundo no que a liña fina agacha esa concepción esencialista que se sitúa na estrutura profunda da obra. Este espazo, construído en ocasións mesmo pintando ao revés e evitando as texturas, consegue crear unha trama de enorme sutileza, que mesmo pode suxerir unha tenue aura, de xeito que o signo queda absorbido pola tranquila calma da cor. Estamos, pois, perante espazos abstractos soamente alterados por leves mudanzas de tonalidade, variacións a partir de formas simples e puras que queren lograr extraer o eterno do transitorio ao que sempre aspirou toda actividade artística, mais sobre todo aspiran e conseguen codificar un comportamento de traballo coherente e inserido nos problemas da arte do noso tempo.

Historia de amizade

Nada mellor que elixir animais coma personaxes e escoller a fantasía como marco no que se desenvolven os acontecementos para dar renda solta á imaxinación e contar, dende a riqueza que ofrecen as imaxes ilusorias, unha historia de amizade, de compañeirismo, de aventuras ou de sentimentos.

O bastón dos desexos de Ramón Caride convértese nun exemplo deste tipo de relatos que se inscriben dentro da órbita da fantasía e dende aquí dirixe as súas palabras e os seus pensamentos a rapaces interesados no xogo e na búsqueda de novas experiencias.

Manporquiño, Murri-gato, Caracol Col e Murra-to son os protagonistas do libro, Animalandia, a cidade na que viven e a escola, o lugar onde teñen a oportunidade de se falar todos os días. As actividades programadas pola mestra, dona Serpe Cobra, posibilitan as xuntanzas e favorecen máis dunha trasnada que nalgún caso se resolve cunha viaxe ao cabo do mundo realizada en tempo cero e grazas a un bastón máxi-co.

Resulta sempre enriquecedor

Na órbita da fantasía

MARÍA NAVARRO



es-tablecer un xogo entre realidade e fantasía, por-

que, partindo do cotián e situando neste plano formas e contidos, o lector poida crear un mundo onde teñen cabida todo tipo de experiencias e sensacións que alimentan a imaxinación e obrigan en certa medida a reestruturar o concepto que se ten das cousas e/ou da vida. Practicamente todo o que nos rodea está suxeito á relatividade e é susceptible de ser interpretado de diferentes formas segundo a perspectiva adoitada e a experiencia persoal.

Así, unha novela sinxela como esta ofrece esas posibilidades interpretativas e permite a análise doutros textos aos que aquí se fan referencia e que achegan á trama central unha hipotética solución unha vez que se coñece a súa efectividade ou o seu fracaso, sendo sempre os personaxes os que elixan unha ou outra opción segundo os seus criterios. O tempo que cobra certa relevancia na historia convértese tamén nun deses aspectos interesantes para os rapaces que percibirán a diferenza entre o tempo real e o de ficción de forma nítida, fronteira non sempre clara para eles.

CARIDE, Ramón, *O bastón dos desexos*, Ed. Planeta&Oxford, A Coruña, 2008, 57 páxinas.

Proposta innovadora

A conxunción entre o texto, a palabra, e as imaxes, fotografías e ilustracións obtén en *Imaxina animais* un resultado abraiante, polo que ten de inusual, mais tamén polo que evoca autores que experimentaran procedementos de creación de animais semellantes ou aqueles clásicos volumes que agrupaban os animais coa súa descrición científica.

Partindo das ilustracións de Vidaurre, Ballesteros artella un texto que lembra, aínda que cheo de ironía e xogos de palabras, os bestiarios, os compendios de bestias tan populares na época medieval. *Imaxina animais* presenta como facían aqueles unha imaxe acompañada dun texto, mais agora o primeiro a salientar é a creación dun animal a partir da fotografía dun obxecto cotián, un orixinal exercicio imaxinativo que produce seres tan sorprendentes como o abrenoites; que representa un moucho con forma de tirarrolla, a bolbopecha; unha bolboreta con forma de peche ou unha serpelleira; unha cremalleira con forma de serpe. Así até xuntar doce increíbles seres que por un motivo máxico son entendidos por nós como

Lembrando os Bestiarios

PAULA FERNÁNDEZ



normais.

Coñecemos grazas ao texto o lugar en que habitan un platafiño, un pingüitor ou unha frepolbo, e sorprendémonos ao asumilos, tanto adultos como rapaces e rapazas, como posibles habitantes das illas Afortunadas, do casquete polar ou de calquera

cidade. O éxito, se cadra, radica na conxunción da fotografía coa ilustración pois esta última caracteriza o hábitat do animal representado nunha fotografía, e na elección coidadísima do texto descritivo. Unha literatura chea de ironía, con intres paródicos, cun léxico coidado e con alusións a trazos de animais convencionais que contribúen tamén, así como facían as ilustracións máis figurativas, a afastar a sensación de estrañamento que poderían provocar estes seres cargados de surrealismo e que Ballesteros tenta autenticar aludindo á exhaustiva investigación realizada por Vidaurre polos lugares máis recónditos do planeta.

Será unha das propostas máis innovadoras do ano, e se cadra tamén unha das obras que máis exercite a imaxinación de quen le. De certo que, despois desta lectura, ningún dos obxectos que nos rodean volverá ser o mesmo para nós e poida que non deixemos de atopar novos e increíbles seres.

BALLESTEROS, José/VIDURRE, Juan, *Imaxina animais*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2008, 30 páxinas.

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Álvarez Blázquez (fotobiografía)

Alfonso Álvarez Cáccamo

Edicións Xerais. 184 páxinas

A presente obra, coordinada por Alfonso Álvarez Cáccamo, fillo de José María Álvarez Blázquez e o primeiro dos seus biógrafos, recolle un detallado percorrido fotobiográfico (con catrocentas imaxes e fotografías, unha boa parte delas inéditas ata o momento) sobre a peripecia vital e a traxectoria literaria da figura homena-

xada no Día das Letras Galegas 2008. Inclúe ademais a semblanza de Xosé María Álvarez Cáccamo "Notas para o álbum da vida de Xosé María Álvarez Blázquez" e o ensaio de Darío Xohán Cabana "A forxa dun escultador". O volume complétase cunha ampla cronoloxía e bibliografía sobre o escritor e editor.



A loita permanente

Marcos Seixo Pastor

A Nosa Terra. 279 páxinas

Xoán Xesús González protagonizou unha activa participación no movemento estudiantil, no agrarismo e no sindicalismo obreiro. A súa insistencia por harmonizar, no plano teórico e organizativo, o pensamento socialista e a práctica nacionalista que sempre considerou complementarias,

marcaría unha vitalidade de combate centrada na liberdade de Galiza e das clases oprimidas. Liderou, na comarca de Santiago, a resistencia contra do "movimiento liberador de la patria", que o Exército español armou na Galiza de 1936, sendo fusilado na plenitude da súa actividade política.



As mellores intencións

Begoña Paz

Edicións Xerais. 120 páxinas

As vidas de Gabriel e Lis encóntranse en Aldara, a cativa a quen el quere salvar, a quen ela só sabe odiar. Amor e odio, verdade e mentira son os alicerces duns personaxes que se debaten entre a decepción pola vida que lles tocou en sorte e a esperanza de que, por una vez, todo poida ir a mellor. As

mellores intencións é unha historia de amores obsesivos, os que senten Gabriel por Aldara, a cativa pola súa nai, Lis polo "miñoca". Un conto cruel cunha rapariga enfeitizada, unha cinsenta ferida e ferinte e un narrador que agocha, baixo a máscara da pasividade, unha cerna escura e implecable.



O Tombo de Toxos Outos

Paulo Martínez Lema

Editorial Toxosoutos. 386 páxinas

Os estudos onomásticos, e máis en concreto os toponímicos, constitúen unha liña de investigación tradicionalmente moi produtiva en todo o ámbito da lingüística románica. Tradicionalmente as atestacións de topónimos nos textos antigos utilizáronse como base para confirmar ou rexeitar determinadas hipóteses eti-

molóxicas. Tamén se empregaron para realizar un seguimento dos cambios sufridos polas formas estudadas, así como da cronoloxía desas transformacións. Esta obra, merecedora do accésit no Premio Historia Medieval de Galicia, 2007, dá conta da totalidade do material toponímico do Tombo de Toxos Outos.



A *querelle* que se desata en Francia, contra finais do século XVII, entre os defensores da poética clásica e os promotores dunha arte nova, tamén se deixou sentir noutros sistemas literarios. O debate entre clasicismo e modernidade, que se pode considerar como regueifa editorial ou epistolar entre tradición e renovación, vai ser un anticipo do que logo será dura batalla entre a vella orde do antigo réxime e a nova orde da sociedade burguesa, entre conservadores tradicionalistas e liberais ilustrados. Cada país viviu esa tensión de forma diferente. En España os ecos da liorta agroman en *La comedia nueva* de Leandro Fernández de Moratín, un dramaturgo que morre no exilio, en París, acusado de “afrancesado” polas súas ideas ilustradas. En Galicia, tinxe a obra de Ramón Otero Pedrayo, modernista nos significantes e conservador nos significados.

En Italia, país de onde migraban escenógrafos, libretistas, compañías e comediantes para os teatros máis importantes de toda Europa, a creación dramática tivo un desenvolvemento desigual, se ben a dramaturxia popular alentou en diferentes prácticas escénicas, sendo unha das máis destacadas a denominada *Commedia*

dell'Arte. O pintor flamenco Jan Miel (1599-1664) recrea nalgúns lenzos estampas de festas e celebracións populares en Roma e noutras cidades, nas que aparecen personaxes con caretas. Nesa tradición inicia carreira como dramaturgo Carlo Goldoni (1707-1793), para logo propoñer unha profunda reforma do xénero que provocou unha forte controversia en Venecia e no norte de Italia.

Goldoni, que apreciaba moito a obra dramática de Molière, somete a *comedia da arte* a unha sorte de *aggiornamento*, eliminando as máscaras e as improvisacións, introducindo unha dimensión máis humana nos personaxes e escollendo asuntos máis realistas e contemporáneos, en consonancia coas demandas dun sector do público, procedente

Unha controversia veneciana

En defensa da Commedia dell'Arte

MV GARCÍA

dunha burguesía que se quería, e mesmo se comezaba a sentir, ilustrada. Esa reforma foi contestada de forma directa e activa por autores e actores amantes da vella tradición, que seguía gozando de considerable popularidade. Ao fondo, mais alleo á polémica, aparece Vittorio Alfieri (1749-1803), escritor prerromántico autor de traxedias que recollen asuntos da antigüidade, en títulos como *Orestes*, *Antígona* ou *Saul*, conformando unha obra cunha forte dimensión política, escrita en de-


fensa da liberdade e vinculada coa construción da nación italiana.

Carlo Gozzi (1720-1806), rival literario de Goldoni, nacera nunha familia nobre, pero, como tantas naquela altura, a familia padecía graves dificultades económicas. A súa firme convicción aristócrata converteuno nun inimigo declarado da Ilustración e de calquera posibilidade de mobilidade social, pois acreditaba na superioridade intelectual e moral da nobreza. Veláí unha razón para rexeitar as novidades que propoñían autores como Goldoni ou calquera posibilidade de progreso social. Ese confronto ideolóxico e literario con Goldoni reflíctese nunha xeira de pezas denominadas *fiabe teatrali*, que escribe a partir de contos fantásticos, o que lle permite introducir elementos exóticos e extravagantes, afasta-

dos do realismo de Goldoni. Nelas recupera os personaxes da comedia da arte coas súas máscaras e as súas improvisacións, pero sobre todo cunhas problemáticas que en nada se relacionaban coa realidade social da época, e que buscaban a complicidade do público na diversión.

Ademais das *fiabe*, Gozzi escribiu outras pezas, entre as que cabe destacar as que se agrupan baixo a denominación de “teatro spagnolesco”, recreación das comedias de capa e espada, onde tamén fai aparecer os personaxes da comedia da arte, consonte a súa decisión de non reflectir na súa obra a realidade social e política.

Esta edición de *Turandot*, unha das pezas máis coñecidas de Gozzi chega a nós en dous volumes preparados por Javier Gutiérrez Carou, responsable da versión galega e da introdución. O primeiro ofrece unha ampla panorámica sobre o autor e sobre a súa época, ademais dun estudo pormenorizado da peza escollida. O segundo recolle a edición crítica do texto en italiano e a tradución galega, que tamén se acompaña de anotacións pertinentes para a comprensión do texto. Foi publicada pola Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Maior, da Universidade da Coruña, en 2007.



A peza parte dun conto popular de orixe persa. Recolle e recrea a historia dunha princesa chinesa que, para non casar, propoñía aos seus pretendentes a resolución de varios enigmas, debendo estes aceptar a morte de non ser quen de resolvelos. Semella que Gozzi segue un relato anterior, titulado *Histoire du prince Calaf et de la princesse de la Chine*, e tería considerado tamén outros motivos, tirados doutras historias recollidas en *Les Mille et un Jour* e *Les mille et une nuit*, que reflicten o mesmo interese polo exotismo dos países de Oriente.

Turandot

Como se deduce do uso das fontes, o príncipe Calaf, de ascendencia tártara, vai ser a persoa chamada a resolver os enigmas propostos pola princesa e lograr que a chama do amor prenda no seu corazón, duro como unha pedra. Pero antes de que iso ocorra e de que a princesa Turandot admita a Calaf como consorte, terán que ocorrer peripecias diversas,

nas que participan personaxes variados, entre os que destaca Barach, aio de Calaf, ou a princesa Adelma, unha vella namorada do príncipe. Tamén atopamos a Pantalón, a Tartaglia, a Brighella ou a Trufaldino, que ocupan diversos postos como comparsas na corte do emperador da China, o pai de Turandot, elementos cómicos que salfiren o asunto trágico.

A obra foi estreada en xaneiro de 1761 pola compañía de Antonio Sacchi, celebrado actor máis coñecido como Trufaldino, e un dos máis importantes da Comedia da Arte. Bastantes anos despois, en 1921, sería escenificada por Eugeni Vakhtangov, director de escena ruso. Tamén sería o motivo central dunha ópera, con música de Giacomo Puccini e libreto de Giuseppe Adami e Renato Simoni, estreada en 1926 en Milán. Neste caso, semella que o argumento chega a través da recreación que do texto de Gozzi fixera o gran poeta e dramaturgo alemán Friedrich Schiller.